



DISCURSO DO REITOR – Antonio López Díaz

SAN TOMÉ DE AQUINO 2025-2026

Facultade de Humanidades – 26.01.2026 – 12.00 h

Vicerreitor de Organización académica e do Campus de Lugo, Vicerreitoras e Vicerreitores,

Secretaria Xeral, Prof. Varela Zapata, Xerente da USC, Valedor da Comunidade Universitaria, Delegada para ao Campus terra, Vicerreitor adxunto, persoal Directivo da Universidade,

Decanas e Decanos con un saúdo especial para o Decano desta Facultade de Humanidades, Directoras e Directores de Departamentos, Institutos e Centros de investigación, membros do Consello de Goberno e Vicepresidente e membros do Consello Social

Candidatas á reitoría da USC

Presidente e membros do Consello do Estudantado

Alcalde do concello de Lugo e representante da Deputación provincial

Vicepresidenta primeira do Parlamento

Presidente do Consello Consultivo de Galicia.

Senador, José Manuel Barreiro.

Subdelegada do Goberno en Lugo

Secretario Xeral de universidades

Deputada do Parlamento de Galicia

Membros das forzas e corpos de seguridade, representacións consulares



Profesorado, persoal técnico de xestión administración e servizos, estudantes, donas e señores,

Quero agradecer a disposición desta Facultade de Humanidades para acoller este acto académico con motivo da Festividade de San Tomé de Aquino. Aínda que por rigorosa quenda lle correspondería albergar este acto á Facultade de Formación do Profesorado, o feito de que esta fose protagonista do acto tamén solemne de inicio deste curso 2025-2026, coa lección pronunciada polo profesor Veiga Alonso, motivou a decisión de correr a quenda en favor desta Facultade de Humanidades, dándose a circunstancia de que o Prof. Varela Zapata, reúne a condición de profesor nestas dúas Facultades.

Grazas, Prof. Varela por esta suxestiva lección que nos sitúa diante dunha cuestión candente como é o papel de Europa nun escenario mundial no que se cuestiona a orde internacional, e no que se substitúe o dereito e os acordos pola lei do máis forte. Neste contexto cómpre reivindicar, unha vez máis, o papel de Europa como “faro de civilización e estímulo de progreso para o mundo” verbas de Juan Pablo II naquel acto europeo do 9 de novembro de 1982 en Compostela no que lle lanzaba a Europa aquel grito de “Volve a encontrarte. Sé ti mesma”. Este vello continente que, parafraseando a Dominique de Villepin no seu discurso diante do Consello de Seguridade da ONU en 2003, “fiel aos seus valores quere actuar con decisión xunto aos membros da comunidade internacional e que cre na nosa capacidade de construír xuntos un mundo mellor”.



“Somos unha universidade en dúas cidades, e sempre tivemos a sensación de que esa era unha parte importante da nosa riqueza, do noso carácter, da nosa identidade. Lugo é a faciana máis nova da nosa universidade, e como tal ofrece algunhas vantaxes incontestables, pero tamén algunhas dificultades que debemos afrontar”. Con estas verbas daba comezo o meu primeiro discurso con motivo desta festividade de San Tomé o 28 de xaneiro de 2019 neste campus de Lugo.

Hoxe , sete anos despois, afronto aquí o meu último discurso solemne como Reitor nesta celebración de San Tomé. A máis tardar, no prazo de pouco máis de dous meses, e rematado o proceso electoral que agora está en marcha, unha Reitora liderará o goberno desta Universidade. Tiveron que pasar 530 anos desde aquel 4 de setembro de 1495, en que Lope Gómez de Marzoa e Frei Juan de Melgar asinaban a escritura que orixinaba o estudo de gramática, primeiro xermolo da Universidade en Compostela, para que unha muller poida converterse na prima inter pares que lidere a nosa Universidade. Tócalle á comunidade universitaria escoller entre as catro candidatas aquí presentes, moi capacitadas todas para asumir a responsabilidade.

Permítanme, polo tanto, que aproveite este solemne acto para render conta dalgúns dos logros máis salientables destes dous mandatos reitorais, prestándolle especial atención a este Campus de Lugo.

Tivemos claro ao longo destes case oito anos de Goberno, que un dos retos fundamentais era asegurar o relevo xeracional diante dun proceso de xubilacións masivas, tanto de PDI como de PTXAS, e que son a consecuencia



do proceso de incorporación masiva de estudantes, e consecuentemente tamén de profesorado e persoal de xestión, nos finais dos 70 e principios dos 80. Os que accederon á Universidade nese tempo son os que protagonizaron e protagonizan agora estas xubilacións masivas.

No que toca ao profesorado creáronse dende 2019 ata hoxe 1294 prazas de profesorado, das que podemos considerar categorías estruturais. Se temos en conta que o noso cadro de persoal docente está integrado por arredor 2.100 efectivos resulta que o 59 % do profesorado viuse afectado por procesos de incorporación, estabilización ou promoción e está ocupando unha praza creada neste período. Unha mención especial merece a creación de 418 prazas de axudante doutor, as prazas que inician a carreira académica na Universidade e 275 de Cátedras de Universidade, resolvendo a bolsa de 160 acreditados pendentes e garantindo tamén a promoción dos novos acreditados nun prazo non superior ao ano dende a data da acreditación. A eses número deben engadirse 276 prazas de permanente laboral 325 de Titular de Universidade.

Se nos centramos neste Campus de Lugo aquí creáronse 291 prazas que representan o 22,5 % do total das creadas na USC (cando o alumnado supón só o 15 % do total). Aínda que sabemos que a ratio de alumno por profesor e substancialmente máis baixa aquí en Lugo ca en Santiago, temos claro que temos que seguir apostando pola incorporación de novo profesorado, así que nestes últimos 7 anos creáronse 117 prazas de axudante doutor aquí en Lugo (un 28% das 418 creadas en toda a Universidade).

É de resaltar tamén o feito de que temos completada a adaptación á LOSU



de todas as figuras de profesorado, particularmente do réxime indefinido do noso profesorado Asociado, o que nos sitúa como a Universidade coa menor taxa de temporalidade de España (por debaixo do 7 %).

Nesta mesma liña temos que resaltar tamén o proceso de estabilización do persoal de apoio a investigación, rematado en 2024 coa dotación de 120 prazas, que se une ao acordo acadado para o establecemento dunha carreira investigadora, sendo das poucas de España que contan con esta posibilidade, fitos que se enmarcan na aposta pola estruturalización da actividade investigadora, unha actividade que é distintiva do perfil da nosa Universidade e á que se destinaron no 2024, último exercicio pechado, 104 millóns de euros, acadados en convocatorias competitivas e tamén en contratos con empresas.

No conxunto do PTXAS, tamén se fixo un esforzo para atender ese proceso de relevo xeracional, dotando nas distintas ofertas de emprego 656 prazas nas distintas categorías, tanto de acceso libre como de promoción. Relevante foi tamén a creación e regulación da carreira profesional, que deberá completar a súa total implantación nos exercicios seguintes.

Pero como nos deixou escrito o rei Sabio, Afonso X, nas Partidas (Título XXXI, Partida II) a Universidade é «ayuntamiento de maestros y de escolares que se constituye en un lugar con la voluntad y el entendimiento de aprender todos los saberes. Sendo así, a outra peza esencial da nosa comunidade universitaria, eu diría que a primeira, é o estudantado.

A pesar das adversas tendencias demográficas, a nosa Universidade vén mantendo nestes anos unha tendencia crecente no estudantado. Se



tomamos como referencia o alumnado de primeira matrícula de 2018 a 2025, experimentouse un incremento do 15%, pasando de 4173 a 4836 no conxunto da Universidade. Pero está sendo este Campus de Lugo o actor fundamental dese crecemento, xa que aquí o incremento foi de algo máis do 49 %, pasando de 621 en 2018 a 936 neste curso no que andamos, referido sempre á primeira matrícula, e superando xa os 4500 alumnos totais aquí en Lugo. Todo isto foi posible grazas a redefinición da oferta docente, tarefa na que debemos seguir empeñados permanentemente, non só polo efecto que ten de atracción de estudantado, senón tamén por manter a función docente aliñada coas novas demandas da sociedade, cada vez máis cambiantes.

Pero a aposta polo estudantado no pode medirse só como unha cuestión cuantitativa, aínda que esta sexa importante por canto determina substancialmente o financiamento estrutural da Universidade. A aposta ten que ser tamén pola calidade e polas súas condicións de vida. Seguimos contando con servicios tradicionais como o de residencias, que nos converte na Universidade de España que máis prazas propias ofrece en relación ao seu número de estudantes. Pero non só é cuestión do número, senón que, para garantir a igualdade de oportunidades, primase o acceso das persoas que demostran unha situación económica máis feble, ao tempo que se ofertan tarifas en función da renda persoal dispoñible, situándose as mais baixas en 48 euros/mes nun cuarto dobre ou 62 nun individual. Somos conscientes de que todo isto non é suficiente para atallar o problema do acceso á vivenda, pero tamén estamos convencidos de que teñen que ser outras administracións as que no exercicio das súas competencias tomen as



medidas oportunas, que complementen o esforzo que a Universidade xa está a facer.

Este esforzo por mellorar as condicións de vida do estudantado no se limita só a vivenda. Así, neste último exercicio destináronse 700.000 euros para dotar de bonos comedor de ata 80 menús nos comedores universitarios a arredor de 1.300 estudantes, ao tempo que se creou inicialmente, e agora se reforzou, o servizo de atención psicolóxica ao estudantado, que se está demostrando cada vez máis necesario.

Tamén resulta salientable o incremento dos fondos destinados á investigación, que pasaron dos 57 millóns que a Universidade conseguiu captar en 2018 aos 104 millóns que se ingresaron en 2024. Estes ingresos, captados en convocatorias competitivas e tamén en contratos co sector privado, sitúannos no sexto lugar das Universidades españolas. Xogan aquí un papel fundamental os Institutos e Centros singulares de investigación, que ademais dun notable recoñecemento (2 distincións María de Maeztu como unidades de excelencia para IGFAE e CIQUS), son tamén protagonistas na captación de recursos.

Todas estas políticas leváronse a cabo nun escenario de rigor financeiro, cumprindo cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, pechando todos os exercicios, salvo o de 2020 (por mor do impacto do confinamento derivado da pandemia), con superávit e mantendo unha contención moi notable no gasto corrente, con medidas non exentas de certas incomodidades, pero que son esenciais para poder destinar os recursos, sempre escasos, a aquelas actuacións que como as que acabamos de



mencionar se consideraban prioritarias.

Froito dese rigor, o capítulo II de gastos (gastos en bens correntes e servizos), e a pesar de todas as tensións inflacionarias que afectaron especialmente aos prezos da enerxía, só se incrementou durante este período que nos tocou de goberno en 4 millóns de euros (un 14 %), que contrasta co incremento do 154 % dos gastos en infraestruturas e equipamentos, o que nos permitiu afrontar proxectos prioritarios como a construción da nova Facultade de Farmacia, ou a central de biomasa aquí en Lugo, e poder traballar na redacción dos proxectos para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado ao Campus, para o que contará a Universidade co compromiso financeiro da Consellería, á que se lle cederá o edificio de Ramón Ferreiro.

Ese rigor materializouse tamén no cumprimento dos compromisos asumidos de amortización da débeda. Se a 31 de decembro de 2017 a débeda pendente era de 26,8 millóns, no último día de 2024 ascendía a 9,2 millóns, que, logo do refinanciamento acordado coa Xunta e coas entidades financeiras para completar o investimento necesario en Farmacia, quedará reducida a 0 en 2031. Púidose afrontar un investimento desta envergadura sen incrementar a débeda da Universidade grazas a un Plan plurianual de financiamento e o complementario plan de infraestruturas, que remata a súa vixencia neste 2026, aínda que previsiblemente deba ser prorrogado un ano máis, dado que os procesos electorais na USC e na UVIGO, dificultan a negociación e aprobación do novo plan plurianual para a súa implantación en 2027.



Permítanme que me refira agora, de xeito máis específico a este campus de Lugo no que nos atopamos e que é o froito dun proceso de algo máis de 50 anos, e que arranca en 1972, e que tivo como principais fitos os seguintes.

A creación do colexio universitario en 1972.

A incorporación á Universidade das Escolas de Maxisterio, as de Enxeñería Técnica Agrícola e as Profesionais de Comercio,

A decisión de instalar en Lugo a Facultade de Veterinaria, o 17 de marzo de 1983, cando a Xunta de Goberno da Universidade así o decidiu por 12 votos contra 10 e 1 voto nulo.

A creación en 1993 da Escola Politécnica Superior, incorporando, ademais da Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas as Escolas técnicas Superiores de Enxeñeiros Agrónomos e de Montes creadas en 1989 e 1991 respectivamente

O proceso complementaríase coa creación das Facultades de Ciencias en 1991 e de Humanidades para albergar os estudos destas ramas de coñecemento impartidos no Colexio Universitario e coa conversión das Escolas de Formación do Profesorado e de estudos empresariais, en Facultades a raíz da implementación do plan Bolonia e coa conversión dos estudos de Diplomatura en Graos.

Aos centros propios habería que engadir as Escolas Adscritas de Relacións Laborais e Enfermería, implicadas hoxe nun proceso que debe levar á súa integración como centros propios da Universidade como está manifestado nos Protocolos asinados entre a Universidade e as institucións responsables das mesmas.



Ademais dos centros docentes aos que acabo de referirme, cómpre mencionar o Hospital Clínico Veterinario ROF Codina, complemento esencial dende o punto de vista asistencial e de docencia práctica das titulacións impartidas no Campus, xuntamente coa Granxa Experimental Gaioso Castro.

Por poñerlle números a esta realidade, construída entre todos nestes cincuenta anos, cómpre salientar no ámbito da docencia unha oferta de 16 graos, 3 dobres graos, 19 másters e 9 programas de doutoramento , nos que se atopan matriculados 4528 alumnos, un 20 % mais dos que tiñamos hai oito anos.

Dende o punto de vista da investigación e tamén da transferencia do coñecemento cómpre mencionar os seguintes institutos e plataformas de investigación:

o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural, que ademais de actualizar a súa axenda científica, e reforzar notablemente o seu cadro de investigadores, acaba de conseguir para Lugo a Cátedra UNESCO (a primeira) de Reserva de Biosfera Atlánticas, colocando así no mapa internacional a investigación feita dende Lugo neste ámbito.

O Instituto de Investigación en Saúde Global e Desenvolvemento Sostible (iTERRA), asentado sobre a base de que a saúde das persoas, a saúde dos animais e a saúde do planeta están profundamente interconectadas, e que acaba de botar a andar integrando unha boa parte dos grupos de investigación máis activos neste ámbito, ofrecendo as solucións



transversais que cada vez se nos demandan con máis intensidade para dar solución e ser útiles para a sociedade, o que nos permitirá ser competitivos na captación de recursos a todos os niveis.

As plataformas como PEMADE no ámbito da madeira estrutural ou a Aula de Produtos Lácteos no sector alimentario, resaltan no papel de transferencia do coñecemento ao sector produtivo.

Tamén dende o punto de vista do esforzo financeiro, e de acordo coa contabilidade analítica de 2024, o gasto na actividade docente por alumno feito en Lugo (10.140 euros) é substancialmente superior ao de Compostela, (6.656 euros), o que ten moito que ver co perfil dos estudos aquí impartidos e tamén co custo das infraestruturas.

Penso que podemos sentirnos lícitamente orgullosos da realidade conformada ao longo dun pouco máis de medio século. Contando co apoio decidido das institucións e do tecido empresarial e produtivo fomos quen de conformar un campus que é xa unha peza esencial para a formación, pero tamén para o desenvolvemento da cidade, da provincia e de Galicia enteira.

Boa mostra dos méritos do feito foi o recoñecemento do Campus Terra como campus de especialización, no marco da convocatoria aberta pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, acadado inicialmente para o período 2022-2025, e reacreditado para outro período de catro anos (2026-2029), cuxo convenio regulador será sometido á aprobación do vindeiro Consello de Goberno, e que conta cunha dotación



de 4,7 millóns, que poden chegar a 6,1 se se atinxen os indicadores de desempeño establecidos, o que sen dúbida representa unha grande oportunidade para o Campus.

Nesa folla de ruta apóstase pola consolidación do Campus Terra tanto na docencia como na investigación e na transferencia do coñecemento. Máis aló de compromisos máis xenéricos que teñen que ver co fortalecemento da gobernanza, e polo impulso a promoción da imaxe e comunicación, temos asumido os seguintes retos:

No ámbito da docencia debe focalizarse o esforzo na reformulación da oferta docente e a captación de estudiantado, ademais da mellora da calidade nas titulacións directamente relacionadas co Campus Terra. Será fundamental a identificación de novas titulacións que nos aliñen co interese dos futuros estudantes e tamén coas oportunidades de emprego, tanto no sector público como no privado.

Na dimensión da investigación os obxectivos estratéxicos pasan pola consolidación das estruturas de investigación (centro Iterra, recentemente creado, e IBADER), e polo impulso da carreira científica en desde as súas fases iniciais (bolsas de iniciación a investigación, contratos pre e postdoutorais) para asegurar o relevo xeracional e insistindo nas oportunidades que as políticas de persoal abren para os futuros doutores.

En materia de transferencia toca fortalecer as relacións coa contorna produtiva co fin de contribuír ao benestar económico e social da sociedade á que os debemos a través da valorización e transferencia dos resultados da investigación.



Quixen insistir unha vez máis no compromiso claro da Universidade con Lugo e a súa provincia, e que se manifesta nesta realidade que é hoxe o Campus, no que se enmarca o Campus Terra, tanto dende o punto de vista docente como dende a investigación e a transferencia. Este compromiso da Universidade tróuxonos ata onde estamos, e ese compromiso e aposta redobrada ten que levarnos a mellorar cada día de acordo cos obxectivos marcados para o futuro, entre os que se atopan algúns dos aquí hoxe mencionados.

Para chegar a ser o que hoxe representa a Universidade en Lugo foi e é esencial o apoio institucional que aquí sentimos cada día.

A Xunta de Galicia como administración responsable das Universidades ten e tivo moito que ver co desenvolvemento do Campus en Lugo, tanto dende a política de titulacións, e o apoio para as infraestruturas, ata o máis recente programa de Campus de Especialización, no que se enmarca o Campus Terra, ao que xa fixemos referencia. Polo feito por Lugo e pola USC no seu conxunto a Xunta de Galicia foi distinguida coa medalla de ouro en 1998.

Nunca agradeceremos suficientemente o apoio recibido da Deputación Provincial, peza fundamental dende o punto de vista das infraestruturas para a materialización do Campus, e que, ademais de colaborar nas actividades ordinarias da Universidade, segue facendo posible novas realidades como a Granxa Gaioso Castro, ou a granxa de porcino, esenciais para o recoñecemento internacional das nosas titulacións, particularmente Veterinaria. Non resulta estraño que a Universidade quixera tamén distinguir á Deputación coa súa medalla de ouro nunha celebración como a



de hoxe o 28 de xaneiro de 1999.

Finalmente pero non menos importante é a colaboración recibida do Concello de Lugo, para o funcionamento de estruturas como o Hospital Veterinario Rof Codina, e para o desenvolvemento de actividades universitarias de diversa natureza que contribúen a facer de Lugo unha cidade universitaria.

Non nos cansaremos de agradecer o apoio institucional e social que sempre nos arroupa, e penso que podemos dicir que a Universidade nunca lle fallou a Lugo e pídolles que sigan confiando na Universidade e no seu compromiso. Só dese xeito poderemos saldar a débeda de gratitude que mantemos coas institucións, pero sobre todo coa sociedade de Lugo e a súa provincia.

Pero ao mesmo tempo reclamamos que se nos recoñeza a autonomía garantida constitucionalmente e afirmada internacionalmente como elemento distintivo das institucións universitarias, como reza a Magna Charta Universitatum:

A autonomía moral e intelectual son o selo distintivo de toda universidade e unha condición previa para cumprir coas súas responsabilidades ante a sociedade. Esa independencia debe ser recoñecida e protexida polos gobernos e a sociedade en xeral, e enerxicamente defendida polas mesmas institucións.

DIXEN